



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. APROL CONCELLOS 2023.**

**EXPEDIENTE: 2023/G003/000237 (Decretos).**

**EXPEDIENTE: 2023/A008/000012 (Subvencións).**

**EXPEDIENTE: 2023/E001/000002 (Convocatoria Selección Persoal)**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante o decreto de alcaldía 217/2023, de 26 de Maio de 2023, aprobouse a lista de admitidos e excluídos en relación coa convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 3 peóns forestais para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”.

Visto que a aprobación da lista de admitidos e excluídos foi publicada na páxina web, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia deste concello.

Visto que os aspirantes excluídos dispoñían dun prazo de dous días hábiles e visto que non presentaron documentación para a subsanación.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por Decreto de Alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

**SEGUNDO.-** Admitir definitivamente ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 3 peóns forestais para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.



**ADMITIDOS:**

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202300000000514	531668**M	Ventureira Suárez David
202300000000515	765168**R	Corral Lopez Jose
202300000000516	765168**P	Lamas Castro Manuel
202300000000517	353138**E	Marquez Mariño José Manuel
202300000000517	090411**R	Das Neves Pires, Heliadora de Jesús

**TERCEIRO.-** Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: María Trinidad Veiras Freire, Técnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar.

Suplente: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Secretaria: Maria Chao Carballeira, Secretaria do Concello de Vilasantar.

Suplente: Maria Isabel Novo López, Administrativa do Concello de Vilasantar.

Vogal: Salvador García Quintela, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: M<sup>a</sup> Montserrat Varela Vazquez, Traballadora social do Concello de Vilasantar.

Vogal: Alberto Labandeira Fontecoba, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar administrativo do Concello de Vilasantar.

Vogal: José Manuel Boado Sánchez, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Suplente: David Novo Mato, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

**CUARTO.-** Convocar ós candidatos admitidos o día 01/06/2023 ás 9.30 horas para a realización do proceso selectivo.

**QUINTO.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

**SEXTO.-** Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**